

Visión de xénero na crítica literaria galega

Verónica Martínez Delgado

Gostaríase de que a crítica literaria galega posibilitase perspectivas multiposicionais simultáneas que evidenciasen a inoperatividade dos procesos de monolitización do (anti)pensamento redutor patriarcal. Lamentablemente o patriarcado oprime na crítica do mesmo xeito que nos restantes planos sociais. Despois de realizar un inquérito entre o/as máis coñecido/as crítico/as literarias deste país, puidéronse establecer unha serie de conclusións. En primeiro lugar, a modo de nota que estableza un contexto, non se están a deitar opinións negativas, por norma xeral, das obras literarias, dado que non se desliga o xuízo profesional do entorno persoal da/o crítica/o. Salientar que as particularidades sociolingüísticas deste país, fomentan que a situación anteriormente referida, aconteza. Destácase, tamén, a escasa presenza dunha crítica académica fronte á apuntada como aquela *de novidades*, centrada no laudatorio e, polo tanto, propagandístico.

No que se refire ás obras que tratan directamente cuestións de xénero, a crítica adoece, frecuentemente, dun *machismo brando*, que incide incluso nos ambientes máis progresistas, asimilado grazas á normalización do pensamento que deriva da sociedade patriarcal, que relega á muller a ocupar espazos menos visibles. Porén, é importante salientar, a aparición de crítica específica, centrada na revista virtual *A Segra*, que vén a saísacer a necesidade dunha visión crítica da literatura universal, dende unha perspectiva de xénero.

Débese concluír, que somos todos e todas nós, a primeira barreira que debemos superar no camiño de acadar unha sociedade máis libre e igualitaria.